

**PROGRAMACIÓN
DO
DEPARTAMENTO
DE ORIENTACIÓN
2023-2024**

IES DE PONTE CALDELAS

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.	Páx 3
2.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO IES PONTE CALDELAS	Páx 5
3.- PLAN DE ORIENTACIÓN.	Páx 7
3.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA CONTEXTO	Páx 7
3.1.1. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO	
3.1.2. CONTEXTO EDUCATIVO	
3.1.3. CONTEXTO LINGÜÍSTICO.	
3.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS	Páx 8
3.2.1. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN	
3.2.2. OBXECTIVOS	
3.3. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN (liñas xerais)	Páx 12
3.3.1. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E ACTIVIDADES.	Páx 12
▪ APOIO Ó PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.	
▪ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.	
• PROGRAMA DE MELLORA DE HHSS	
▪ PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL	
3.3.2. PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN	Páx 25
▪ PROTOCOLO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	
▪ PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR	
▪ PROTOCOLO DISCAPACIDADE INTELECTUAL.	
▪ PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH	
▪ PROTOCOLO DA DISLEXIA E/OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE.	
▪ PROTOCOLO DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO.	
3.3.3. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Páx 31
3.3.4. RECURSOS.	Páx 32
3.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Páx 33
SINATURAS	Páx 33
ANEXOS:	Páx 34
CONCRECIÓN ANUAL DO PXAD	

1.- INTRODUCCIÓN.

A programación que a continuación se presenta pretende ser o marco de actuación do Departamento de Orientación do IES Ponte Caldelas para o actual curso académico 2023-2024. Antes de aborda-la é necesario facer unhas matizacións que xustifiquen a intervención educativa desde este departamento.

En 1º lugar, entenderemos a Orientación como unha parte esencial da actividade educativa, que comparte con ela a finalidade de contribuír o desenvolvemento integral do alumno; é, ademais, un proceso que abrangue a toda a comunidade educativa, xa que supón unha vía de asesoramento ó alumnado, ó profesorado e ás familias.

En 2º lugar, a Orientación Educativa terá fundamentalmente tres ámbitos de actuación: o ámbito escolar, que ten coma obxectivo a optimización do proceso de ensino-aprendizaxe; o ámbito vocacional, que tende a mellorar a madurez vocacional do alumnado; e, o ámbito de desenvolvemento persoal que pretende incidir en actitudes e valores fundamentais para a sociedade.

En 3º lugar, o modelo orientador terá unha estrutura por niveis de intervención:

- Acción Tutorial, que garantiza unha orientación xeral a todo o alumnado por parte do profesorado, xa que tutoría e orientación forma parte da función docente, ademais cada grupo de alumnado terá un profesor tutor.
- Departamento de Orientación, que se ocupa de coordinar tódolos programas relativos á orientación no centro educativo e de desenvolver funcións máis especializadas cando é necesario.
- Equipo de Orientación Específico, que cun ámbito de intervención provincial leva a cabo actuacións máis técnicas, é un nivel subsidiario dos anteriores.

Finalmente, para a elaboración desta programación tivéronse en conta, entre outros, os seguintes documentos:

- Documentos legislativos:
 - Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
 - ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
 - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as

ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- D.120/98 que regula la Orientación en Galicia.
- O. 24 de xullo do 98 que establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional en Galicia.
- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.
- Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2001 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato.
- Decreto 157/2022 polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e ciberacoso.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do Absentismo Escolar.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e /ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
 - Plan de Benestar Emocional. Proposta de Intervención.
 - ORDEN de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Documentos institucionais:
- Programacións e Memorias de cursos anteriores
 - Plan de Convivencia
 - Plan Xeral de Atención Á Diversidade.

2.- O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO IES PONTE CALDELAS.

O Departamento de orientación do centro esta composto neste curso escolar polos seguintes membros:

- Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica:
 - o María Jesús Sánchez Fernández
- Profesorado dos ámbitos:
 - o Sonia Chamadoira Fortes
 - o Marisé Medraño Freire
- Xefa do Departamento de Orientación.
 - o Beatriz Duarte Solla.

Este departamento reunirse periodicamente e terá as seguintes funcións:

a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.

b) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

d) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, se é o caso, do seu alumnado e o dos colexios e escolas que lle sexan adscritos e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten o alumnado e alumnas.

e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

f) Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e enfronta-los momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas ou de itinerarios formativos, a transición á vida profesional e a resolución de conflitos de relación interpersoal.

g) Informa -lo alumnado dos recursos laborais e profesionais ó seu alcance e propoñe-la realización de actividades de orientación que lle faciliten a toma de decisións sobre o seu futuro.

h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.

i) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

l) Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, á construción do autoconcepto e da autoestima e no proceso de toma de decisións.

m) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

Dada a situación de vulnerabilidade na saúde mental na que se encontra inmersa a sociedade actual, será preciso deseñar accións encamiñadas a velar polo saúde emocional da comunidade escolar; en especial, en relación ao alumnado.

3. PLAN DE ORIENTACIÓN.

3.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3.1.1. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

O IES de Ponte Caldelas está situado na área de influencia da cidade de Pontevedra, pero bastante lonxe dela, sobre todo por carencias de transporte.

O alumnado procede dunha ampla zona xeográfica (concellos de Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, A Lama e, en menor medida, dos concellos de Cotobade e Soutomaior) que fai que o día que temos clase pola tarde deban quedarse en Ponte Caldelas. O centro conta cun servizo de comedor para este día.

O alumnado desprázase ó centro maioritariamente en autobús.

A área de influencia do centro é rural, o nivel socioeconómico é medio, medio-baixo e o entorno familiar dunha parte importante do noso alumnado caracterízase pola baixa cualificación académica e profesional. A maioría das familias completan ós seus ingresos con actividades ligadas á agricultura e gandería tradicional, nas que acotío colabora toda a familia. Tamén é notable o factor da emigración, así como a presenza de numerosos inmigrantes retornados, sobre todo de América.

Encontramos con bastante frecuencia problemas ligados a situacións familiares e económicas difíciles e adversas para o desenvolvemento integral do alumnado.

Este curso, como nos anteriores, é importante coñecer a situación de conectividade que presentan os alumnos e alumnas, para tratar de anticiparse e paliar, na medida do posible, estas carencias sociofamiliares. Resultará fundamental o contacto cos Servizos Sociais dos tres Concellos da nosa zona de influencia.

3.1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O alumnado procede case na súa totalidade dos centros públicos da zona educativa; debido a dispersión xeográfica da mesma, o IES é un entorno educativo e socializador fundamental.

Existe unha comunicación fluída cos centros de educación infantil e primaria da zona, sobre todo a través do departamento de orientación, especialmente no que se refire ós momentos de tránsito de alumnado por cambio de etapa. Asimesmo a comunicación tamén se fai moi necesaria con determinadas institucións do entorno: os propios concellos, os servizos sociais municipais, centros de saúde, colectivos cos que se colabora no desenvolvemento de temas de Plan de Acción Titorial, Centro de formación e recursos, Equipo de Orientación Específico, etc.

No centro hai unha importante cultura de traballo en equipo, de mellora da calidade docente e de colaboración na función orientadora o que resulta de gran interese para este departamento.

O clima de convivencia existente no centro é integrador e positivo. Prodúcese certas conductas disruptivas propias da idade sobre todo nos primeiros niveis da ESO que van descendendo ao longo da etapa e desaparecendo nos estudos postobrigatorios.

Os resultados académicos son modestos nos primeiros cursos da ESO. Á falta de esforzo súmanselle carencias notables na expresión escrita e oral e na capacidade de incorporar novos coñecementos sobre unha base solidamente construída; ademais moitas familias non poden proporcionar apoio nas tarefas escolares e tampouco contan

cun acceso e xeneralizado ás novas tecnoloxías, atrancos importantes aos que nos enfrontamos.

O alumnado de Bacharelato, a pesares de que é escaso en número, obtén mellores resultados e ten expectativas máis altas a medio e longo prazo.

3.1.3.CONTEXTO LINGÜÍSTICO.

A situación de minoración lingüística que sofre o galego obriga a termos sempre presente que a nosa lingua carece dunha situación normalizada en todos os ámbitos, e que aínda hoxe seguen moi vixentes prexuízos lingüísticos que a afastan da normalización. É un compromiso de toda a comunidade educativa traballar para superar esta situación, polo que dende o centro se busca un equilibrio no material curricular en ambas linguas.

3.2. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS.

3.2.1 LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

As liñas prioritarias de actuación baséanse na Circular 10/2010 dos servizos de orientación educativa e profesional.

a) ACTUACIÓNS COMÚNS PARA A TOTALIDADE DOS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN:

Relacionadas coa inclusión e a diversidade.

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

2. Relacionados coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción tutorial (PAT), asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na

organización e no goberno dos centros.

- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.

Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso:

- Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

Relacionadas cos procesos de avaliación e calidades

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan.
- Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

Relacionadas co drdororienta:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda na aplicación informática drdororienta.

b) ACTUACIÓNS PARA OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E POSTOBRIGATORIA E DOS CENTROS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS.

Ademais das actuacións citadas no epígrafe anterior, os departamentos de orientación dos centros públicos integrados, dos centros públicos de educación secundaria e dos centros de educación e promoción de adultos deberán prestar especial atención ás seguintes actuacións:

Relacionadas coa aprendizaxe permanente e os saídas profesionais:

- Orientar ás persoas demandantes de información sobre o procedemento do recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias; definindo, de ser o caso, o seu itinerario formativo.
- Participar e colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro, así como favorecerlle o coñecemento e utilización das ferramentas dispoñibles en materia de emprendemento.

- Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiando e asesorando ao alumnado nos distintos itinerarios formativos, nas validacións, na elección de materias, nas competencias para a empregabilidade e nas técnicas de busca de emprego.
- Informar ao profesorado, ao alumnado e ás familias sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral, o autoemprego, a creación de empresas e as necesidades do contorno produtivo.
- Asesorar sobre a importancia da formación ao longo da vida para a mellora profesional ou para a incorporación ao mercado laboral, prestando especial atención ás persoas adultas.
- Orientar e asesorar para a consecución das competencias profesionais de nivel 1 conducentes a un Certificado de Profesionalidade do alumnado, de cara a unha integración sociolaboral satisfactoria.
- Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e do abandono temperá dos estudos.

Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación:

- Establecer mecanismos sistemáticos de coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación dos centros de educación infantil e/ou primaria e os de secundaria aos que están adscritos.
- Promover a coordinación entre as xefaturas dos departamentos de orientación e o profesorado responsable da formación e a orientación laboral, así como entre os servizos de orientación dunha mesma zona, para favorecer o desenvolvemento e a integración laboral do alumnado.

Relacionadas coa atención ó diversidade:

- Asesorar ao conxunto da comunidade educativa sobre os programas de diversificación curricular e sobre os de cualificación profesional inicial.

Asesorar ao conxunto da comunidade educativa da educación secundaria obrigatoria sobre os programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas, sobre os programas de recuperación, sobre os programas específicos personalizados, sobre as aulas de atención educativa e convivencia e sobre os programas de habilidades sociais elaborados.

3.2.2.OBXECTIVOS.

Tendo en conta o contexto escolar as liñas prioritarias de actuación e as necesidades detectadas o Departamento de Orientación propónse para este curso escolar 2023-2024 os seguintes obxectivos:

- Dinamizar a función titorial coordinando ó profesorado e ofrecéndolle soporte técnico para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e do Plan de Orientación Académica Profesional.
- Detección de dificultades de aprendizaxe, valoración das necesidades educativas e implementación das respostas educativas máis axeitadas.
- Organización do apoio necesario dentro e/ou fóra da aula.

- Asesorar e colaborar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, tanto de carácter ordinario coma extraordinario.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de optativas, de estudos postobrigatorios ou a transición á vida profesional.
- Colaborar na difusión e apoio de accións de fomento da cultura emprendedora no alumnado do centro
- Impulsa-la participación do profesorado nas actividades de tutoría e orientación.
- Adquirir material psicopedagóxico que contribúa a desenvolver a tarefa orientadora.
- Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e no proceso de toma de decisións académicas profesionais.
- Prever e deseñar as medidas educativas de cara o próximo curso.
- Colaborar coa Comisión de Convivencia do Consello Escolar na dinamización da convivencia escolar.
- Colaborar co Equipo Directivo, coa Inspección Educativa e co EOE.
- Colaborar coa Asociación de pais e nais de alumnado do centro e con outras institucións do entorno.
- Colaborar no Programa de Acolida para o alumnado novo no centro; en especial cando proceden do estranxeiro. Este curso se fará especial fincapé en todos os niveis, mediante a realización de actividades de cohesión e benestar emocional; dadas as dificultades de relación que está a traer a pandemia como efecto colateral.
- Ampliación e concreción o Plan Xeral de Atención á Diversidade do Centro.
- Participación no Protocolo xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso.
- Participación no Protocolo de Absentismo Escolar.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.
- Participación no Protocolo de consenso sobre TDAH e no de Discapacidade intelectual.
- Seguimento do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Implementación do Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
- Participar do Protocolo de atención educativa domiciliaria; se cómpre.
- Velar polo cumprimento do Protocolo de protección de datos con relación ao eido deste departamento.
- Colaborar coa Coordinadora de benestar e convivencia.

3.3. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN. LIÑAS XERAIS.

3.3.1. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E ACTIVIDADES.

O departamento de orientación actuará en tres ámbitos pedagóxicos co fin de alcanzar os obxectivos reseñados, estes ámbitos serán os seguintes:

Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe,
Plan de Acción Titorial e
Plan de Orientación Académico Profesional

APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

Neste ámbito propóñense as seguintes actividades:

- Respecto ó centro:
 - Participar nas sesións da avaliación do alumnado.
 - Asistencia ás reunións da CCP, Claustro e colaboración coa Comisión de convivencia escolar do Consello Escolar.

- Respecto ó Departamento de Orientación.
 - Reunións periódicas do Departamento, segundo establece a lexislación vixente.
 - Intercambio de experiencias con outros profesionais da orientación e apoio educativo.
 - Actividades de formación dos membros do Departamento.
 - Colaboración na Dinamización da Convivencia Escolar.
 - Promover a coordinación entre os servizos de orientación da zona educativa.
 - Ampliación e Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
 - Participación no Protocolo de Acoso Escolar, no Protocolo de Absentismo Escolar, no de TDAH e no de Discapacidade Intelectual.
 - Implementación do Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo
 - Revisión e adaptación á lexislación vixente no PAT.
 - Asesoramento no Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe

- Respecto ó alumnado:
 - Detección e seguimento das dificultades de aprendizaxe a través de reunións cos titores e profesorado das materias.
 - Avaliación inicial xeneralizada en 1º curso da ESO.
 - Seguimento do alumnado exentos de francés e colaboración co profesorado responsable do Reforzo Educativo que reciben nese horario.

- Proposta do alumnado que recibe medidas extraordinarias de atención á diversidade por parte do profesorado de pedagogía terapéutica, para a súa posterior autorización polos órganos correspondentes segundo a lexislación vixente.
 - Seguimento do alumnado con AC e Apoio Educativo.
 - Avaliacións psicopedagóxicas e elaboración dos pertinentes informes.
 - Entrevistas individuais e grupais co alumnado.
 - Proposta do alumnado candidato á Formación Profesional Básica e PDC do vindeiro curso.
 - Elaboración dos informes das bolsas para o alumnado con neae.
- Respecto ó profesorado:
 - Fomenta-la comunicación entre o profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnado.
 - Entrevistas individuais e grupais co profesorado.
 - Reunións coa profesora especialista en Pedagogía Terapéutica para o seguimento do alumnado que reciben apoio dentro ou fóra da aula.
 - Asesoramento ó profesorado sobre aspectos metodolóxicos e da avaliación.
 - Colaborar na identificación de alumnado que precisen medidas de atención á diversidade.
 - Asesoramento e participación na elaboración, implementación e avaliación de medidas de atención a diversidade: Exención da segunda lingua estranxeira, RE, PDC, Apoio Educativo e AC.
- Respecto das familias:
 - Implicar ás familias no seguimento do proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos, sobre todo nas técnicas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo) e nos hábitos e técnicas de traballo intelectual.
 - Fomentar a participación das familias no centro escolar a través da ANPA.
 - Colaborar coa ANPA na organización de actividades de formación.
- Respecto das institución do entorno:
 - Colaborar coa Asociación de pais e nais do alumnado.
 - Manter, mellorar e ampliar as relacións existentes cos concellos, servizos sociais e CIM desta comunidade educativa, cos servizos de atención primaria da zona e coas forzas de seguridade.
 - Coordinación coa Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil de Pontevedra e Vigo, co Servizo de Menores da Consellería de Familia para o seguimento do noso alumnado, usuarios destes servizos.

- Establecer liñas de colaboración coa Casa da Quintán, centro de protección de menores específico para alumnado con trastorno mental, que dende febreiro de 2022 se ubica no concello de Ponte Caldelas..

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (liñas xerais).

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 20, o que segue:

Artigo 20. Tutoría e orientación

1. Na educación secundaria obrigatoria, a tutoría e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional constitúen un elemento fundamental. Nese sentido, a acción tutorial e a orientación acompañarán o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.
2. Cada grupo de alumnas e alumnos terá unha profesora titora ou un profesor titor.
3. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais do seu alumnado sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen. Esta información subministrarse, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia ou ámbito.
4. Os centros docentes deberán informar e orientar o alumnado co fin de que a elección das opcións e materias ás que se refiren os artigos 9.3.l), 10.1.g) e 10.1.h) sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa orientación formativa posterior, evitando condicionamentos derivados de estereotipos de xénero.
5. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta a nais, pais ou persoas titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou, excepcionalmente, a un ciclo formativo de grao básico.
6. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais das alumnas ou dos alumnos, ou á propia alumna ou ao alumno, no caso de que fose maior de idade, que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.
7. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a nais, pais ou persoas titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.
8. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos consellos orientadores aos que se refiren os puntos anteriores.

Tendo en conta a lexislación preceptiva e o contexto socioeconómico e educativo que mencionamos na programación, prantexamos os seguintes obxectivos:

Obxectivos:

- Favorecer o desenvolvemento psicosocial do alumnado.
 - Facilitar a integración de cada alumno no grupo e no centro, mediante a realización de actividades de acollida e cohesión.
 - Fomentar a tolerancia, mellora-la convivencia no centro educativo e a resolución pacífica de conflitos.
 - Contribuír ó desenvolvemento da autoestima positiva.
 - Incidir no desenvolvemento de actitudes participativas tanto no centro coma no seu entorno.
 - Fomentar hábitos de vida saudables

- Favorecer o desenvolvemento vocacional do alumnado.
 - Facilita-los procesos de madurez vocacional do alumnado que lle permita a toma de decisións en relación co seu futuro académico profesional.
 - Propiciar no alumnado a autoorientación.

- Optimizar os procesos de Ensino-Aprendizaxe.
 - Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe do alumnado para detectar as dificultades e as conseguíntes necesidades educativas.
 - Deseño, implementación e avaliación das medidas de atención á diversidade que respondan ás necesidades detectadas.

- Fomentar a coordinación docente.
 - Implicar ós profesorado nas tarefas da acción tutorial.
 - Coordina-lo traballo de axuste das programacións ó grupo de alumnado especialmente no tocante ás dificultades de aprendizaxe.
 - Coordinación, por parte do titor, das sesións de avaliación do seu grupo de alumnado.
 - Participación na concreción, implementación e avaliación do PAT.

- Colaboración dos pais no proceso educativo.
 - Contribuír ó establecemento de relacións fluídas entre familia e centro educativo para maior coherencia educativa.
 - Implicación dos pais na vida do centro.
 - Orientación ós pais nalgún tema que lles preocupe, analizándoo e formulando un plan de intervención.

Organización e metodoloxía

En coherencia con todo o expresado anteriormente, plantexamos a acción tutorial dende dous ángulos claramente definidos:

- Seguimento grupal que se desenvolverá de forma sistemática co grupo de alumnos, co grupo de pais e o equipo educativo.
- Seguimento individual de cada alumno, a súa familia e o seu profesorado

Accións para o seguimento grupal

Cos alumnos

Levaranse a cabo as actividades programadas que se detallan no anexo: “PRESENTACIÓN TRIMESTRAL DE ACTIVIDADES DO PAT E DO POAP” que se adecuará anualmente.

Cos pais

- Reunión co grupo de pais ao comezo de curso co fin de :
 - Presentar aos membros da dirección e de orientación do centro e establecer os aspectos básicos dunha relación fluída entre centro escolar e familias.
 - Facilitar o contacto e coñecemento entre o titor e os pais de todos os alumnos do grupo.
 - Informalos sobre cuestións prácticas de normativa e funcionamento de centro, programación e organización do curso.
 - Informalos sobre aspectos concretos na maneira de desenvolver a tutoría: seguimento do alumnos, citas, xustificación de ausencias...
- Reunión co grupo de pais ao longo do curso, sempre que a marcha do grupo o requira, co fin de comentar as incidencias correspondentes e tratar de implicalos nun proceso positivo de seguimento dos seus fillos.
- Organización de actividades en paralelo coas que realizan os seus fillos (na medida das posibilidades do centro e en colaboración coa ANPA): Educación Afectivo sexual, alimentación saudable, redes sociais e uso dos móbiles...

Cos profesores

- Reunións periódicas dos titores coa Xefatura de Estudos e Orientación.
- Reunións co equipo docente co fin de:
 - Coordinar estratexias de aprendizaxe.
 - Coordinar aspectos de organización e funcionamento do grupo de alumnos
 - Analizar problemáticas .

Accións para o seguimento individual:

Cos alumnos

- Entrevistas persoais co/a alumno/a
- Recollida de información dos incidentes que poden estar relacionados con cada alumno/a e búsqueda de respostas positivas ante as situacións de conflito.
- Coordinación do proceso de integración do alumno a través das diferentes áreas e actividades docentes que se desenvolven no centro.
- Elaboración do Consello Orientador ao remate de cada curso escolar da ESO.

Cos pais

- Entrevistas periódicas, preferentemente vía telefónica ou telemática cos pais de cada alumno/a
- Información trimestral dos resultados da avaliación académica do alumno/a.
- Contactos telefónicos e persoais sempre que a situación do alumno o requira.

Cos profesores

- Recollida sistemática de información sobre o proceso realizado polo alumnado respecto a cada materia do nivel.
- Coordinación das decisións conxuntas respecto a algún alumno ou alumna

PROGRAMA DE MELLORA DE HABILIDADES SOCIAIS

A competencia social é a capacidade de manter boas relacións con outras persoas. Esta competencia supón a adquisición de habilidades sociais básicas que son fundamentais no día a día das persoas porque lles proporcionan benestar e calidade de vida, tamén facilitan unha autoestima positiva. Pola contra, as persoas con poucas habilidades sociais poden sentir estrés, malestar, e, con frecuencia emocións negativas (frustración, ira, sensación de rechazo,...).

Este programa xurde da necesidade de dotar ao alumnado dunha maior competencia social que lle permita mellorar as súas relacións interpersoais, desenvolver a empatía, a cooperación, a solidariedade e o respecto ás diferenzas.

Nel se traballarán os seguintes ámbitos: Cohesión grupal, Autoestima, Comunicación, Empatía a través do análise de valores e dilemas morais e Habilidades de solución de conflitos interpersoais.

O programa será levado a cabo polos titores dos grupos, ou pola orientadora, si se estima oportuno. Aínda que está pensado para desenvolverse en grupo tamén é posible adaptar as sesións a un estilo individual para casos nos que proceda facelo así; segundo se indica no apartado adicado á metodoloxía.

As actividades propostas se levarán a cabo ao comezo de cada trimestre, tal e como está previsto no PAT. No caso de intervencións personalizadas a temporalización será deseñada individualmente.

A metodoloxía será principalmente participativa, de traballo grupal. Se utilizará a reflexión sobre dilemas morais, a dramatización, o análise de casos, o debate, etc.

O programa levarase a cabo na aula, as agrupacións faranse por parellas, en pequeno grupo ou en gran grupo. Tamén está previsto que algún alumno, que sexa derivado ao

Departamento de Orientación, reciba atención en relación a este eido, basicamente por dúas casuísticas, as seguintes:

- Que exista unha maior dificultade na adquisición das habilidades sociais a nivel persoal e que requira unha intervención personalizada ou incluso a súa derivación a un servizo especializado externo.
- Como complemento ás medidas correctoras; tal e como recolle o artigo 24 sobre “Medidas complementarias para a mellora da convivencia” do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xullo, de convivencia e participación da comunidade en materia de convivencia escolar.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL (liñas xerais).

As necesidades básicas na Orientación Académica Profesional están relacionadas cos seguintes items:

- Dar resposta ás preocupacións e inquietudes académico profesionais de toda a Comunidade Educativa.
- Dar a coñecer as alternativas académicas a profesionais nos seguintes ámbitos educativos e non educativos:
- Facilitar que o alumnado coñeza as súas capacidades aptitudes, intereses, motivacións e personalidade de cara á toma de decisión no seu propio proxecto académico e /ou profesional de vida.
- Formación do alumnado en técnicas de búsqueda de emprego.

A finalidade principal deste Departamento na Orientación A-O. é mellorar a madurez vocacional do alumnado para que sexan capaces de tomar decisións de forma autónoma. Esta finalidade se traduce en tres obxectivos básicos que inciden en toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado e familias.

Os obxectivos do POAP serán:

- Contribuír ó desenvolvemento da madurez vocacional e a autoorientación do alumnado para facer fronte á toma de decisións sobre o seu futuro académico-profesional. Isto supón abordar contidos dos seguintes ámbitos:
 - Autocoñecemento do alumno.
 - Coñecemento do sistema educativo.
 - Coñecemento do mundo laboral.
 - Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego.
 - Toma de decisións académico-profesionais.
- Incidir na colaboración dos profesorado para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación da orientación vocacional.
- Fomentar a colaboración dos pais no proceso de toma de decisións dos seus fillos.

Organización e metodoloxía.

Ao entender a orientación como un dereito do alumnado, non é posible imaxinar un sistema de orientación capaz de asesorar de maneira individualizada a tódolos e cada un dos alumnos. Dúas son as razóns fundamentais: a primeira, porque a maioría do alumnado poden ser asesorados nas súas decisións vocacionais mediante programas que sexan comúns para todos eles; e, a segunda, porque o asesoramento individualizado a todos e cada un deles, esixiría unha cantidade inxente de medios.

Polo tanto para responder ás necesidades de asesoramento vocacional existirá un primeiro nivel xeneralizado no que participan titores e orientadora e un segundo nivel individualizado por parte da orientadora para o alumnado que a proposta anterior non sexa suficiente.

De esta forma entendemos que as actuacións individualizadas irán sempre precedidas de outras de carácter xeneralizado e chegarán o departamento de orientación por tres vías:

- O alumno o solicite.
- O titor/a o derive.
- Detectado pola orientadora .

CO ALUMNADO. Sesións grupais e individuais,

As sesións individuais se realizarán no caso de que o alumnado careza da suficiente madurez vocacional ao final do proceso de orientación académico profesional e nos casos de maior grao de incertidume.

- **Autoconhecimento**
Enquisa de exploración inicial, xogos grupais, aplicación de inventarios de interese, guías de autoorientación, estudo de estratexias escolares. Sesións de coñecemento das propias aptitudes, intereses, personalidade, valores, preferencias persoais, expectativas vitais e profesionais
- **Coñecemento do sistema educativo**
Estudio de folletos e publicacións, desenvolvemento de charlas grupais pola orientadora na aula e tamén sesións de tutoría polos titores, así como entrevistas individuais. Consulta de programas informáticos de orientación profesional e instrumentos online. Tamén contaremos coa presentación das universidades galegas por parte de persoal das mesmas e cunha experta en Formación Profesional que nos acercará esta alternativa formativa.
- **Coñecemento do mundo laboral**
Observacións sobre profesións e postos de traballo, empregos, autoemprego, visitas a centros produtivos e a empresas (na medida das posibilidades do noso centro).
- **Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego**
Prácticas na elaboración de cartas de presentación e curriculum vitae, na realización de entrevistas laborais. Coñecemento de distintos organismos de búsqueda de emprego: INEM, SGC. Análise e interpretación da información, capacidade de adaptación e coñecemento da empresa
- **Toma de decisións**
Este bloque de actividades serve como reflexión final e recompilación de todo o proceso seguido con anterioridade. A toma de decisións leva ao alumnado, trala maduración vocacional conseguida, a toma-la correspondente decisión sobre o seu futuro académico e profesional.

No caso do alumnado do bacharelato, as sesións grupais se desenvolverán en sesións lectivas cedidas polo seu equipo educativo.

CO PROFESORADO

Reunións periódicas cos titores para o asesoramento e soporte técnico necesario para desenvolver as sesións de tutoría.

COAS FAMILIAS

- Encontros cos pais e nais dos alumnado, a título individual, para dar e recibir información e asesoramento que lles axude a participar no proceso de orientación académico e profesional dos seus fillos. Estas entrevistas serán vía telemática, telefónica ou presencial segundo a necesidade e a sensibilidade do tema que se trate.

A continuación pódese observar un cadro presentación de actividades trimestral do PAT e do POAP.

PRESENTACIÓN TRIMESTRAL DE ACTIVIDADES DO PAT E DO POAP

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	BACHARELATO
1º TRIM	<p>ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓN CARA O TRABALLO Normas da clase Axenda Elección de delegado Cuestionario Inicial</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión e benestar emocional</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Froita no IES</p> <p>SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO ESCOLAR.</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. 25 de novembro Magosto</p> <p>USO E ABUSO DAS REDES SOCIAIS E DOS TELÉFONOS MÓBILES (Plan director)</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓN CARA O TRABALLO Normas da clase Axenda Elección de delegado Cuestionario Inicial</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión e benestar emocional</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Froita no IES</p> <p>SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO ESCOLAR</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. 25 de novembro Magosto</p> <p>USO E ABUSO DAS REDES SOCIAIS E DOS TELÉFONOS MÓBILES (Plan director)</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓN CARA O TRABALLO Normas da clase Elección de delegado Cuestionario Inicial</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión e benestar emocional</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Froita no IES</p> <p>SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO ESCOLAR</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. 25 de novembro Magosto</p> <p>USO E ABUSO DAS REDES SOCIAIS E DOS TELÉFONOS MÓBILES</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓN CARA O TRABALLO Normas da clase Elección de delegado Cuestionario Inicial</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión e benestar emocional</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Froita no IES</p> <p>SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO ESCOLAR</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. 25 de novembro Magosto</p> <p>USO E ABUSO DAS REDES SOCIAIS E DOS TELÉFONOS MÓBILES</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN E MOTIVACIÓN CARA O TRABALLO Normas da clase Elección de delegado</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Froita no IES</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. 25 de novembro Magosto</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>

2º TRIM	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Sociograma Resolución de conflictos</p> <p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL APLICADAS Á MATERIA</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. Día da paz Actividades de emponderación da muller. 8 de marzo</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Benestar emocional</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Autoconhecimento. Coñecemento do sistema educativo</p> <p>ED. AFECTIVO SEXUAL INCLUSIVA E DIVERSA. Información, formación, asesoramento e sensibilización na Diversidade Sexual</p> <p>A ADOLESCENCIA E TI. MOTIVACIÓN E AUTOESTIMA</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Sociograma Resolución de conflictos</p> <p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL APLICADAS Á MATERIA</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. Día da paz Actividades de emponderación da muller. 8 de marzo</p> <p><i>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE:</i> Benestar emocional</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Autoconhecimento. Coñecemento do sistema educativo</p> <p>ED. AFECTIVO SEXUAL INCLUSIVA E DIVERSA. Información, formación, asesoramento e sensibilización na Diversidade Sexual</p> <p>PREVENCIÓN DE TRASTORNOS NA ALIMENTACIÓN. Autoestima e autoimaxe</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Sociograma Resolución de conflictos</p> <p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL APLICADAS Á MATERIA</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. Día da paz Actividades de emponderación da muller. 8 de marzo</p> <p><i>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE:</i> Benestar emocional</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Autoconhecimento. Coñecemento do sistema educativo</p> <p>ED. AFECTIVO SEXUAL INCLUSIVA E DIVERSA. Información, formación, asesoramento e sensibilización na Diversidade Sexual</p> <p>PREVENCIÓN DE TRASTORNOS NA ALIMENTACIÓN. Autoestima e autoimaxe</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Sociograma Resolución de conflictos</p> <p>TÉCNICAS DE TRABAJO INTELLECTUAL APLICADAS Á MATERIA</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. Día da paz Actividades de emponderación da muller. 8 de marzo</p> <p><i>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE:</i> Benestar emocional</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Autoconhecimento. Coñecemento do sistema educativo</p> <p>ED. AFECTIVO SEXUAL INCLUSIVA E DIVERSA. Información, formación e asesoramento. Sensibilización na Diversidade Sexual</p> <p>PREVENCIÓN DE TRASTORNOS NA ALIMENTACIÓN. Autoestima e autoimaxe</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. Día da paz Actividades de emponderación da muller. 8 de marzo</p> <p>ED. AFECTIVO SEXUAL INCLUSIVA E DIVERSA. Información, formación, asesoramento e sensibilización na Diversidade Sexual</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Autoconhecimento. Coñecemento do sistema educativo</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p>
---------	--	---	---	---	--

3º TRIM	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Prevención de acoso escolar</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Coñecemento do mundo laboral Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego Toma de decisións</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Programa de prevención do consumo de alcol e outras drogas</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. - Actividades de acollida escolar .Retos de superación dende a diversidade. -Visibilización da diversidade afectivo-sexual -Cinema Social, Inclusiva e diversa.</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p> <p>ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN FINAL</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Prevención de acoso escolar</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Coñecemento do mundo laboral Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego Toma de decisións</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Programa de prevención do consumo de alcol e outras drogas</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. - Actividades de acollida escolar .Retos de superación dende a diversidade. -Visibilización da diversidade afectivo-sexual -Cinema Social, Inclusiva e diversa.</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p> <p>ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN FINAL</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Prevención de acoso escolar</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Coñecemento do mundo laboral Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego Toma de decisións</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Programa de prevención do consumo de alcol e outras drogas. (Plan Director)</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. - Actividades de acollida escolar .Retos de superación dende a diversidade. -Visibilización da diversidade afectivo-sexual -Cinema Social, Inclusiva e diversa.</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p> <p>ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN FINAL</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p>HABILIDADES SOCIAIS E INTEGRACIÓN EN GRUPO Dinámicas de cohesión Prevención de acoso escolar</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Coñecemento do mundo laboral Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego Toma de decisións (Universidade/FP)</p> <p>HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE: Programa de prevención do consumo de alcol e outras drogas. (Plan Director)</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. - Actividades de acollida escolar .Retos de superación dende a diversidade. -Visibilización da diversidade afectivo-sexual - Cinema Social, Inclusiva e diversa.</p> <p>ACTIVIDADES DE PRE-AVALIACIÓN</p> <p>ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN FINAL</p>	<p>ACTIVIDADES DE POST-AVALIACIÓN</p> <p><i>ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL</i> Coñecemento do mundo laboral Coñecemento das estratexias de búsqueda de emprego Toma de decisións (Universidade/FP)</p> <p>CONVIVENCIA ESCOLAR. -Visibilización da diversidade afectivo-sexual -Cinema Social, Inclusiva e diversa.</p> <p>ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN FINAL</p>
---------	---	---	---	--	--

OUTRAS PROPOSTAS RELACIONADAS CO PAT

- Participación no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos. Solicitarase a intervención nos temas de Ciberseguridade para 1º e 2º de ESO e Drogas/Alcol en 3º e 4º de ESO. Tamén se solicitará a intervención para familias.
- Exposición Sen Cancelas” sobre a historia do colectivo LGTBI en Galicia (Consello da Cultura Galega).
- Colaboración co Concello e/ou ANPA do centro nos temas:
 - Sensibilización e prevención da violencia de xénero na escola.
 - Educación Afectivo Sexual Inclusiva e diversa.
 - Formación Profesional.

3.3.2. PROTOCOLOS DE INTERVENCIÓN

PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO (liñas xerais) .

Seguindo as instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na que se traslada o Protocolo Xeral de Prevención , Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso nos Centros Docentes con Fondos Públicos da nosa Comunidade Autónoma, participárase cos órganos correspondentes na concreción e adaptación de dito protocolo ao contexto do Centro, que pasará a formar parte do Plan de Convivencia do IES.

Este protocolo ten por obxecto servir de marco de referencia para previr e abordar eficazmente as posibles situacións de acoso escolar en calquera das súas manifestacións.

Presentará a seguinte estrutura:

- Introducción.
- Pautas para a identificación do Acoso Escolar: Criterios, tipos e consecuencias.
- Protocolo de actuación:
 - Primeira Fase: Coñecemento da situación, identificación e comunicación.
 - Segunda Fase: Recollida de información e rexistro.
 - Terceira Fase: Análise da información e adopción de medidas.
 - Cuarta Fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro.
- Estratexias de prevención: Organizativas e de prevención no Centro e na aula.
- Ciberacoso: Definición , criterios de identificación , tipos , protocolo de actuación e estratexias preventivas.
- Responsabilidade do Centro: Aspectos xurídicos e particularidade xurídica del ciberacoso.
- Información de interese.
- Anexos.

PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR (liñas xerais)

Este protocolo de absentismo está conforme coa lexislación estatal e autonómica que regula o dereito do alumnado a cursar as ensinanzas obrigatorias e asistir regularmente a clase , así como o seu deber de asistir a clase con puntualidade e co material preciso, especialmente a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo de 2011), o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro de 2011), así como as instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia.

PROTOCOLO NA ESO

Entendemos por absentismo a ausencia ao centro escolar sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Para ser considerada absentismo, esta ausencia debe supor un mínimo do dez por cento do horario lectivo mensual. (art. 22, decreto 229/2011 do 7 de decembro).

Considérase falta de asistencia a falta do alumno ou alumna á sesión completa. Para ser computada nun posible caso de absentismo debe estar non xustificada.

Consideramos, con carácter xeral, faltas xustificables:

- Citacións que impliquen deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- Indisposicións, podendo ser xustificables ate un máximo de dous días lectivos.
- Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica

O control de asistencia realizarase diariamente por parte do profesorado que cubrirá os partes de aula nos que quedarán rexistradas as ausencias. Desde a secretaría do centro enviaráselle sms de aviso de falta, no día lectivo seguinte á mesma, a todas as familias que así o soliciten no impreso de matrícula.

Ademais, o profesorado titor rexistrará no XADE as ausencias do alumnado do seu grupo, tipificando se se trata dunha ausencia xustificada ou inxustificada. Este profesorado titor será o encargado de recoller e/ou solicitar, de ser o caso, os documentos acreditativos das faltas xustificables.

O profesorado titor deberá comunicar de xeito regular ás familias ou ás persoas titoras as faltas de asistencia de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte. Esta comunicación poderá ser por carta, telefónica ou persoal.

Cando as faltas de asistencia presenten problemas para a súa xustificación ou cando o número das non xustificadas se incremente significativamente, o profesorado titor convocará á familia dese alumno ou alumna coa finalidade de tratar de corrixir a situación e evitar a apertura dun expediente de absentismo . A esta reunión pode asistir o alumno ou alumna e dela levantará acta o profesorado titor.

Se o número de faltas sen xustificar é superior a 11 sesións (o 10% do horario lectivo dun mes), a persoa titora, unha vez realizada a reunión coa familia se a situación de absentismo non se corrixiu, proporá co visto e praxe da dirección o inicio dun expediente educativo. A apertura e desenvolvemento deste expediente queda suxeito ás seguintes normas:

- Deberá realizarse nun prazo de sete días naturais seguintes á data na que as faltas de asistencia a clase sen xustificar superaron o 10% do horario lectivo mensual.
- Pode ser paralizado en calquera momento se a situación de absentismo se corrixe.
- Será custodiado na secretaría do centro e formará parte do expediente da alumna ou alumno.
- A xefatura de estudos será quen se ocupe de recoller toda a información relativa ao proceso .
- A persoa titora convocará a familia do alumnado para intentar resolver a situación. Levantará acta desta reunión e informará a xefatura de estudos.
- A xefatura de estudos convocará a familia dese alumno ou alumna e levantará acta da mesma
- De non corrixirse a situación, a xefatura de estudos cubrirá o rexistro de cumprimento das actuacións realizadas .
- A dirección notificará o expediente ao Servizo Territorial de Inspección e aos servizos sociais do concello de residencia do alumno ou alumna, xunto coa relación de faltas sen xustificar e o rexistro de cumprimento das actuacións coa data en que se realizaron. Esta notificación efectuarase no prazo de trinta días naturais desde o inicio do expediente de absentismo.

PROTOCOLO PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO COA SINDROME DE DOWN E/OU DISCAPACIDADE INTELECTUAL

Este protocolo presenta os conceptos e principios básicos que rexen o proceso de escolarización do alumnado con Síndrome de DOWN e/ou discapacidade intelectual e destaca a importancia da sensibilización da comunidade educativa como requisito fundamental para lograr un proceso de ensinanza aprendizaxe inclusivo e normalizador.

Construír culturas inclusivas é unha misión compartida por todos os membros desta comunidade educativa: profesorado, alumnado, familias e outros profesionais, xunto co apoio e a participación da comunidade social inmediata, barrio, veciñanza e institucións; estar incluído supón participar, tanto no contexto educativo, como na comunidade social. Polo tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido máis amplo, debe formar parte do proceso de sensibilización nunha comunidade educativa.

Por todo isto, un proxecto educativo comprometido coa inclusión, debe identificar todas aquelas posibles barreiras que impiden e ou dificultan a accesibilidade e participación de todo o alumnado no proceso educativo. A continuación citamos algunhas desas barreiras que poden dificultar a dita participación e ás que deberemos prestar especial atención para poder abordalas:

Barreiras sociais: refírense aos obstáculos mentais e actitudinais: baixas expectativas, sobreprotección, medo, rexeitamento, indiferenza, falta de apoios, etc. son barreiras que condicionan a vida dunha persoa facendo que se sinta máis ou menos capaz e máis ou menos incluída.

Barreiras físicas: fan referencia a obstáculos da contorna que impiden ou bloquean a mobilidade ou o acceso. Na resolución de actividades e exercicios,

suporían unha execución motora que non pode ser salvada por alumnado con dificultades psicomotoras. Podemos eliminalas se deseñamos actividades e tarefas con diferentes alternativas para a súa execución. Deberemos propoñer diferentes formas de presentación de actividades e diferentes vías de execución e expresión: gravación de audios, vídeos, elección de ilustracións, escritura ao ditado, actividades manipulativas, etc., que permitan adquirir e valorar as aprendizaxes, considerando a diversidade do alumnado.

Barreiras sensoriais: son as relativas á percepción sensorial, é dicir, á maneira en que percibimos a información a través dos sentidos. Para atender a diversidade da aula, deberemos considerar a presentación da información a través de diferentes modalidades sensoriais (auditiva, visual, táctil...).

Barreiras cognitivas: están relacionadas cos procesos mentais que interveñen na resolución de tarefas e actividades cognitivas. Podemos facilitar o acceso aos contidos empregando certos apoios que activan os procesos cognitivos. As axudas conceptuais, como organizadores gráficos, mapas mentais, rutinas de pensamento ou autoinstrucións son instrumentos que se poden empregar na aula e que resultan de utilidade para o grupo-clase, ademais do deseño universal para a aprendizaxe (DUA), que inclúe criterios de lectura fácil.

Barreiras estruturais: son as derivadas de situacións de aprendizaxe nunha contorna desordenada, pouco predecible, inestable, sen organización do traballo... Poderían superarse empregando un sistema de traballo organizado e predecible, con apoios visuais que lle permitan ao alumnado orientarse sobre o que hai que facer; con apoios espaciais, e distribución de espazos de aula que axuden a coñecer onde hai que facelo; e con estruturas e rutinas que acheguen seguridade para saber cando hai que facelo.

Barreiras comunicativas: empregar unicamente a ruta auditiva e o uso da linguaxe oral, pode supoñer unha barreira para atender a diversidade da aula. É preciso proporcionar diversas canles comunicativas como a visual, táctil, pictográfica, signada... facilitando ao alumnado que poida expresarse e compartir as súas aprendizaxes empregando estes soportes.

Barreiras curriculares: a falta de flexibilidade e a homoxeneidade nas propostas educativas, nos materiais, nas metodoloxías, etc. condicionan a adquisición das aprendizaxes e o tipo de interaccións e relacións que se dan na aula. Unha programación axustada á diversidade, a implementación e diversificación de estratexias, o deseño multinivel con actividades e materiais didácticos con diferentes niveis de complexidade para a resolución de tarefas, metodoloxías cooperativas que faciliten a participación equitativa e o apoio mutuo, unha avaliación por competencias con criterios de equidade, a coordinación e Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual Páxina 18 colaboración entre o profesorado, a docencia compartida... son aspectos que poden salvar certas barreiras curriculares.

Polo tanto, o proceso de inclusión debe achegarnos á consideración da diversidade como unha oportunidade para a construción da convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, procurando a eliminación de ditas barreiras para a participación e o progreso, e aproveitando e promovendo situacións de aprendizaxes útiles para a vida.

PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH

O alumnado con TDAH sitúase entre o considerado con con necesidade específica de apoio educativo. Isto implica que se trata dun alumnado que é preciso identificar, e ao que hai que prever dos adecuados recursos e estratexias para acadar os obxectivos das distintas ensinanzas.

Neste protocolo se presenta unha conceptualización do trastorno e das súas manifestacións que se han de trasladar aos equipos educativos para un maior coñecemento dos casos.

As manifestacións do TDAH están relacionadas coa inatención e a hiperactividade-impulividade o que deteriora o seu funcionamento escolar e socioemocional.

Este protocolo presenta; por unha banda, unhas orientacións xerais para a prevención e a intervención psicoeducativa que se deberán poñer en marcha tanto na organización do centro escolar como dentro da aula. Por outra banda, se presentan unhas orientación para as familias, que tamén son un instrumento facilitador de proceso de ensino – aprendizaxe.

• ORIENTACIÓNS XERAIS PARA A PREVENCIÓN E A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA.

Prevención e intervención na organización do centro educativo:

- Sensibilizar ao profesorado coas medidas de atención á diversidade.
- Informar e formar ao profesorado.
- Establecer canles de coordinación entre todo o profesorado.
- Garantir a coordinación entre familia, profesorado e orientación.

Prevención e intervención dentro da aula:

- Aula cun bo clima de traballo.
- Perfil do profesorado adecuado.
- Situación do alumno da aula idónea e sen distraccións superfluas
- Normas de convivencias consensuadas na aula.
- Adaptar o currículo, se cómpre.
- Titoría entre iguais.
- Instrumentos da avaliación variados.
- Utilizar estratexias que capten a atención na realización de actividades como o uso de apoios visuais, acortar a duración, etc.
- Uso da axenda.
- Mellorar motivación e autoestima.
- Etc

• ORIENTACIÓN PARA AS FAMILIAS.

- Normas de convivencia familiar ben definidas
- Coordinación da familia cos servizos educativos e sanitarios.
- Uso de estratexias de comunicación e diálogo.
- Participar dalgunha asociación de familias con nenos con TDAH.
- Etc

PROTOCOLO PARA A INTERVENCIÓN PSICOEDUCATIVA DA DISLEXIA E /OU OUTRAS DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE

Este protocolo procura facilitar a atención educativa da diversidade do alumnado; neste caso co alumnado con dislexia e/ ou outras dificultades específicas do alumnado.

Ofrece, por tanto, indicadores para aclarar e sistematizar o proceso de detección, pautas para a intervención psicoeducativa e para o proceso de seguimento e de avaliación no caso das necesidades específicas de apoio que se derivan da dislexia e as demais dificultades de aprendizaxe. Así mesmo relaciónanse as ferramentas tic máis axeitadas para estes casos e as probas estandarizadas de diagnóstico.

De especial interese resulta o apartado adicado á Intervención educativa que ofrece orientacións para o propio alumnado, para o centro educativo, para o equipo docente e tamén para as familias. Tamén o apartado sobre avaliación curricular que resalta unha serie de consideracións fundamentais para adecuar o proceso de ensino aprendizaxe ao progreso real na construción de aprendizaxes por parte de cada alumno ou alumna que presenta as dificultades específicas que se tratan neste protocolo.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDIO NO ÁMBITO EDUCATIVO.

Este protocolo se presenta dende unha visión preventiva e comprende unha serie de actuacións dirixidas a toda a comunidade educativa, para reforzar a autoestima e o desenvolvemento de habilidades para a vida, adquirir ferramentas para un bo manexo da crise e unha toma de decisións sa, o que melloraría a capacidade para afrontar as transicións vitais e o estrés. En definitiva, incrementar a resiliencia emocional e reducir a vulnerabilidade aos problemas de saúde mental.

Este modelo de actuación desenvólvese nos tres niveis de orientación educativa:

Prevenção primaria a través da titoría, coordinando a detección dos factores de protección e de risco;

Prevenção Secundaria, neste nivel o Departamento de Orientación, realiza a avaliación psicopedagóxica en contacto cos servizos sociosanitarios e solicitando a colaboración do Equipo de Orientación Específico, se o estima necesario, sempre en coordinación coa Dirección do centro e coa Inspección Educativa.

Prevenção terciaria no caso de intento autolítico; e Posvenção en situación de ter que afrontar un proceso de dó no ámbito educativo

3.3.3. PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA.

O marco lexislativo determina que as medidas de atención á diversidade e polo tanto o traballo que desenvolve a profesora de pedagogía Terapéutica terá en conta que “A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión...” e “As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica (...) se levarán a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente contemplados nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá á terceira parte da xornada escolar”.

O centro educativo conta, neste curso, cunha profesora especialista de Pedagogía Terapéutica.

Esta profesora desenvolverá, ademais das que lle competen como membro do departamento de orientación, as seguintes funcións específicas recollidas no artigo 57.2 da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade:

“a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado no punto 1 deste artigo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente.

Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o

modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.”

A determinación do alumnado que precisa de apoios específicos no 1º nivel da ESO, basearase non soamente na demanda do profesorado senón tamén na existencia de informes psicopedagóxicos que o avalen, os informes das orientadoras de Ed. Primaria e titores de 6º de Primaria, o historial académico do

alumnado e os resultados da Avaliación Inicial tanto Xeneralizada como Individual que realiza este Departamento. Tamén será preciso a comunicación aos pais/nais.

En canto ao alumnado dos restantes niveis da ESO, se determinarán segundo as necesidades que manifesten os/as titores/as e profesorado das materias en xeral e a avaliación individual por parte da profesora de pedagogía terapéutica e/ou avaliación psicopedagóxica da Orientadora do Centro.

As sesións de apoio educativo por parte da profesora de pedagogía terapéutica se desenvolverán dentro ou fóra da aula, de maneira que se atendan mellor as dificultades que se presenten no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con NEAE. A ubicación do apoio será flexible.

Os criterios que guiarán esta decisión serán os seguintes:

- Distancia entre os contidos do grupo e os propios da adaptación curricular do alumno/a,
- Necesidade dunha intervención individualizada previa, que facilite o acceso ao currículo en sesión grupal.
- Necesidade do reforzo individual a posteriori de contidos que polo súa singularidade ou complexidade dificultan o acceso ao currículo e que pola dinámica ordinaria da aula non se poden desenvolver axeitadamente.

Con este apoio educativo flexible en canto á ubicación dentro ou fóra da aula tratamos de garantir que o alumnado asista ás clases cunha autonomía e destrezas mínimas para participar das actividades grupais con aproveitamento. Desta maneira se facilita a integración deste alumnado na clase, o avance nas aprendizaxes e o seu benestar emocional.

Estas actuacións van encamiñadas a construír unha escola máis inclusiva, que se apoie na convicción de que todo o alumnado pode aprender cando se lles outorgan as oportunidades e condicións de aprendizaxe axeitadas.

Polo tanto, se un alumno se desenvolve nun ambiente de normalización e inclusión e coas apoios que necesita, as súas capacidades desenvolveranse máis e serán cada vez máis operativas. Así mesmo, experimentará máis e mellores situacións de éxito académico, persoal e social, o que reforzará a súa autoestima.

3.3.4. RECURSOS.

Este departamento conta para o desenvolvemento desta programación cuns recursos tanto persoais coma materiais.

Entre os recursos persoais cabe destacar: os profesores de pedagogía terapéutica, dous profesores de materia, os titores e a orientadora. Ademais este departamento conta coa colaboración do EOE, claustro de profesores, equipo directivo, CFR, Inspección Educativa, CIM, Asistentes Sociais e Educadores Familiares dos Concellos, etc.

Entre os recursos materiais están: a dotación económica do departamento de orientación, ordeadores e impresoras, conexión a internet, liña telefónica, material funxible, servizo de reprografía, etc.

3.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación enténdese como un proceso de recollida de información para emitir xuízos de valor que permitan a toma de decisións. Neste proceso existen tres momentos fundamentais: a avaliación inicial, a continua ou formativa e a avaliación final.

O final deste curso académico incluíranse os resultados deste proceso de avaliación nunha Memoria Anual.

Os criterios que, a priori, guiarán o proceso de avaliación desta programación serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Adecuación das actuacións propostas.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos acadados e non previstos.

Para determinar estes aspectos tomaranse coma fontes de información os propios implicados e os destinatarios das actuacións.

Ponte Caldelas, a 20 de setembro de 2023

María Jesús Sánchez Fernández
(PT)

Beatriz Duarte Solla.
(XD)

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E /OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- MEDIDAS ORDINARIAS:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nos diferentes ensinados.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

GRUPOS	Nº ALUMNOS/AS
4 de 1ºESO	67
3 de 2ºESO	64
4 de 3ºESO	72
2 de 4º ESO	48
2 de 1º BACH	31
2 de 2º BACH	35

Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.

É responsabilidade de cada departamento didáctico facer esta adecuación.

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado, que teñan en conta os posibles apoios ou adaptacións necesarias.
- Buscar a optimización e a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado.
- Dispoñer de materiais diversos que atendan a diversidade da aula e faciliten a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado.
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.
- Propiciar situacións de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e a ensinanza e os apoios naturais entre iguais, entendendo que os compañeiros son o seu referente e que con frecuencia aceptan mellor a súa axuda para comprender e realizar as tarefas. Da mesma maneira que eles poden proporcionar tamén apoio e axuda aos seus compañeiros/as.

Procedementos de avaliación. Adaptación dos tempos e instrumentos

A avaliación deberá permitirmos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica... e todo aquilo que sexa susceptible de axuste ou mellora, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais acadados polo alumnado, senón que teña en conta a valoración dos distintos factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que se

necesiten. Nela estará implicado todo o persoal que atende ao alumnado: profesorado titor, profesorado de área ou materia, profesorado especialista, etc., respectando o establecido na normativa que regula a avaliación das distintas etapas.

Prestarase especial atención á avaliación inicial, que ademais de determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, será o punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño. Para a realización desta avaliación inicial terase en conta a información recollida nos informes persoais de etapa ou curso anterior, así como outra información de relevancia recollida nos expedientes académicos, e a proporcionada polas familias e a recollida por axentes externos, de ser o caso, que interveñan co alumnado.

A avaliación ten como finalidades verificar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Por iso, os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidades; é dicir, os instrumentos de avaliación han de adaptarse á realidade de cada un dos alumnos e alumnas, han de ser válidos para valorar os logros e progresos conseguidos nas aprendizaxes, baseándose na perspectiva do deseño universal de aprendizaxe, coa finalidade de achegar ou facilitar a comunicación e o acceso á información, especialmente no caso de aquel alumnado que ten mais dificultades.

Trimestralmente, durante as sesións de avaliación, tal e como establece a normativa vixente, deben valorarse as medidas de atención á diversidade que está a recibir o alumnado con NEAE, valorando se son axeitadas ou se precisan axustes ou melloras para o incremento da súa eficacia. O tipo de agrupamentos, a adecuación de espazos e tempos, a organización de apoios, a idoneidade do material existente, o nivel de coordinación entre os diferentes profesionais que traballan con este alumnado, etc. son aspectos que deben ser considerados neste proceso.

O remate de curso é un momento importante no proceso educativo do alumnado, xa que da avaliación final se van derivar implicacións educativas importantes para o desenvolvemento do alumno ou alumna, polas decisións que se adopten. Por iso, nesta fase final de seguimento do proceso educativo, que debería realizarse despois da sesión de avaliación final, deben colaborar todas as persoas que participaron nela. Desda fase final deben producirse orientacións para o próximo curso, onde se terán en conta os aspectos instrutivo e formativo, os posibles recursos, a metodoloxía conveniente, etc.

Actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Neste curso 2023-24, dende o Departamento de Orientación pretendemos incidir sobre a perspectiva de xénero que debe dirixir o proceso de ensino aprendizaxe. Asumimos así, un compromiso firme coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, en particular a de xénero.

Nos últimos anos detectamos na sociedade en xeral, pero tamén entre a mocidade un rebrote de condutas sexistas; quizais favorecidas polo mal uso das novas tecnoloxías ou polo repunte de modelos inadecuados na televisión e nas redes. Ante esta realidade dende a escola temos que presentar un estilo educativo que trate de invertir esta tendencia, superar os prexuízos sexistas e avanzar cara a igualdade. A ferramenta fundamental coa que contamos é a coeducación.

Destacamos as seguintes datas de especial relevancia na sensibilización da comunidade escolar:

25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

30 de xaneiro: Día Escolar da Non Violencia e da Paz.

8 de marzo: Día Internacional da Muller

2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

Data de conmemoración internacional pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuales, bisexuales e intersexuales.

Reforzo educativo.

DEPARTAMENTO	NIVEL	GRUPOS	HORAS POR GRUPO
RE de LC	1º ESO	2	2
	2º ESO	1	2
RE de MAT	1º ESO	1	2
	2º ESO	1	2
RE de LG	1º ESO	1	2
	2º ESO	1	2
Horas á disposición do centro:			
LC	1º ESO	4	1
LG	1º ESO	4	1
ING	2º ESO	3	1
MAT	2º ESO	4	1

Programas de recuperación de pendentes, elaborados polos respectivos titores coa colaboración do equipo docente.

Plan para os alumnos que non promocionan elaborados polos respectivos titores coa colaboración do equipo docente.

- **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da

dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, no seu caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade as que seguen:

Adaptacións curriculares.

Naqueles casos nos que as medidas ordinarias non sexan suficientes, a lexislación prevé medidas extraordinarias entre as que se atopa a adaptación curricular, pola que adapta o currículo prescritivo á realidade dun determinado alumno ou alumna con necesidades educativas especiais. É dicir, a adaptación curricular é un currículo personalizado que contribúe, como se di no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a atender a diversidade “adecuando a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais dun determinado alumno ou alumna”.

Estas adaptacións realizaranse, tal e como establecen os decreto reguladores dos currículos, buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos reflectidos nas devanditas adaptacións. Polo tanto, só deberá contemplarse como un recurso aplicable cando as medidas ordinarias non sexan suficientes para garantir a participación e a aprendizaxe do alumno/a.

Aínda que a adaptación curricular, como se indicou anteriormente, é persoal ou propia de cada alumna ou alumno, cando se trate de axustar o currículo, é fundamental partir da propia programación de aula (tratando de personalizala e evitando simplemente reproducir criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e contidos de cursos anteriores), garantindo a aprendizaxe contextualizada co seu grupo-clase.

Polo tanto, coa adaptación curricular, coa modificación dos elementos prescritivos do currículo, o que se pretende é situar as situacións de ensino e aprendizaxe na liña de base do alumno ou alumna con necesidade específica de apoio educativo, nos seus coñecementos, habilidades e destrezas previas. E, ademais de situar o currículo adaptado na súa liña de base, nos seus coñecementos previos, é necesario establecer os recursos materiais e persoais que, no seu caso, sexan necesarios para facilitar o acceso e para garantir a igualdade de

oportunidades en educación.

En conclusión, desenvolver unha adaptación curricular implica cambios no contexto para adaptar e/ou modificar todos aqueles aspectos que sexan susceptibles de mellora no proceso de inclusión (organización de recursos, de espazos e tempos, metodoloxía, materiais, actividades, avaliación, formación...); é dicir, construír un espazo educativo común onde poidan participar e aprender todas e todos xuntos, en situación de equidade. E o que é sumamente importante é que todas e todos os profesionais que traballen co alumno ou coa alumna o fagan de forma totalmente coordinada.

NIVEL E Nº ALUMNOS/AS CON AC
1º ESO: 6

Na sesión da avaliación inicial, que se levará a cabo no mes de outubro, se decidirá a pertinencia da elaboración das Adaptacións do Currículo.

Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica

O centro conta cunha profesora especialistas en PT que apoiará ao alumnado que se determine na avaliación inicial, escolarizado en 1º, 2º de ESO. O apoio será ben dentro ou fóra da aula segundo as necesidades do alumnado.

Programa de Diversificación Curricular

Neste curso o IES non conta con este programa pero dado que resulta unha medida de atención á diversidade de especial relevancia estudarase a posibilidade de recuperalo no vindeiro curso escolar

Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para a asistencia continuada a un centro docente.

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescrición médica, doenza, vulnerabilidade propia ou conviventes vulnerables como consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle

dar continuidade ao seu proceso formativo, as seguintes medidas específicas:

- Atención educativa domiciliaria.
- Atención educativa hospitalaria.
- Atención educativa virtual.

- MEDIDAS XERAIS:

Absentismo escolar.

O centro educativo actuará seguindo o protocolo oficial e contando coa colaboración dos servizos sociais dos concellos implicados.

Plan Proxecta e Coordinacións.

Enmarcados no Plan Proxecta, o centro desenvolverá catro proxectos: “Proxecto Ríos”, coordinado Andrea Vázquez do Departamento de Física e Química, o “Proxecto Terra” coordinado por Susana Trigo do Departamento de Ciencias Sociais, “O Monte Vivo” coordinado por Isabel Torres de Departamento de Tecnoloxía, “Proxecto de vida activa e deportiva” coordinado por Marisé Medraño do Departamento de Educación Física. Nutriescolas coordinado por Santiago Montero do Departamento de Bioloxía

Coordina o Grupo de Dinamización Lingüística Sabela Otero do Departamento de Lingua Galega e a Biblioteca Belén Cuerdo do Departamento de Lingua Castelá, a Biblioteca Belén Cuerdo do Departamento de Lingua Castelá e Benestar e Convivencia Chus Sánchez do Departamento de Orientación.

Formación do profesorado.

Como en cursos anteriores, os coordinadores de TICS e Abalar (Iago García e Alberto Mendoza) faranse cargo da formación nestes ámbitos.

Este curso, o profesorado do centro, tamén participa nas xornadas e cursos que se ofertan dende o Plan Anual de Formación de FPROFE, como por exemplo “A diversidade sexual e de xénero nas aulas 2023”..

Acoso escolar

Neste eido seguirase o Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso nos Centros Docentes con Fondos Públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Xornadas de acollida

Estas xornadas se desenvolveran tal e como se tiña previsto no PXAD; neste curso escolar levaranse a cabo o día 12 de xuño. Nestas xornadas manteremos un primeiro encontro co alumnado de 6º curso de primaria dos colexios educativos da zona educativa.

- CEIP A Reigosa
- CEIP Manuel Cordo Boullosa
- CEIP A Lama
- CEIP Dr. Suárez

Nese mesmo día se desenvolverá a xornada de acollida para os pais e nais do alumnado.